Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 21 Outubro 2015 20:58




De boca do propio autor imos coñecer todos os segredos de *Morena, perigosa e románica,* a nova e esperada novela de Pedro Feijoo. Acompañado de Manuel Bragado da casa editorial Xerais e Luís Domínguez Sanjuán da Asociación Espazo Lectura, a presentará este xoves 22 de outubro ás 20:30 horas nun acto aberto.

Morena, perigos e románica. Unha novela dantesca.

“Co seu permiso vou introducir un argumento: cando a señora Chismes, a veciña do segundo, chamou á miña porta, eu pensei que o que viña buscando era o meu amor. Ou un pouco sal... Pero polo visto o asunto non ía por aí. En lugar do desexo ardente de verme en roupa interior, o que aquela muller traía na cabeza eran dúas cousas ben distintas: demasiada colonia barata, e a intención de enlearme no maior roubo do século. O que estou a piques de compartir con vostedes é a historia dun grupo de xente decidida a todo, convencida de que o mellor que poden facer para saír do desastre en que a crise converteu as súas vidas é dar o golpe definitivo, sacar adiante a empresa. Velaquí a disparatada aventura dunha serie de superviventes deste tempo cruel, personaxes sen oficio nin beneficio coñecido, desesperados e, para maior complicación, incapaces de sumar entre todos eles unha única neurona útil... Por certo, díxenlles xa que son vostedes un público marabilloso?”